

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Pedras

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A Pena Cabezada de Milleirós

En Milleirós, no concello de Carballedo (Lugo), a uns mil metros da casa da señora Macedonia, que vive no campo, no cimo da aldea, está a Pena cabezada, e moi preto as penas da Casa e a da Barca.

Na Pena Cabezada, segundo a señora Macedonia, " estiveron os mouros, din que andaban por baixo da terra. Eu non os vin. Dikir dician que estaban alí: nas penas deixaron as marcas e se chamaban letras Zacocho, Tucho e Cachote ...".

A súa neta, Concha Alvarado, conta que "o señor Calviño dicía que no camiño á Pena Cabeuda se atopaba ouro se se ía con pata de cabra ou roda de carro..."

BIBLIOGRAFÍA

Vázquez Saavedra, M. e Vázquez Pérez-Batallón, C.: *Guía da Ribeira Sacra*, Galaxia, Vigo, 2001.